

“O noso presente é fillo de acontecementos coma os do marzo de 1972 ou o episodio Reboiras”

—A súa novela leva a Reboiras no título, pero abrangue moitas outras cousas no espazo e no tempo. Ademais de, obviamente, tamén tratar del, por que recorreu á figura de Moncho Reboiras como “gancho”?

—A idea de partida cando me embarquei nesta novela, xa en 2010, era contar desde as licenzas do literario unha aposta real: a creación no seo da UPG dun destacamento armado, en contacto coa ETA e cun militante moi novo, Xosé Ramón Reboiras Noia, como responsable, e logo mártir, desesa causa. Eses son os datos, e eu formulei o libro como o que poderíamos denominar un “episodio nacional”, na liña, salvando as distancias, do que en momentos distintos fixeron Pérez Galdós, Max Aub e Almudena Grandes ou do que eu mesmo fago en *O encargo do señor Castelao*. Só que a propia escrita me pediu ampliar o foco, que xa non ía limitarse á cacería de Reboiras pola policía franquista, no verán ferrolán de 1975. Esa ampliación fixo aparecer acontecementos coma a folga en Bazán, de tres anos antes, e a loita contra a planta de gas, de tres décadas despois. É dicir, mantendo Ferrol como principal escenario, o que era un “episodio” converteuse en varios. A Reboiras mantívono no título porque, en todo ese tempo e alén das varias tramas, é unha referencia permanente no libro, que non é un tratado de historia nin un texto político, senón unha humilde novela que ten como principal propósito poñer ante o lector un espello no que poida verse mentres se entretén.

—A novela non só abrangue catro décadas da historia de Galicia senón que ás veces retrocede á Segunda República e á Guerra Civil. Aínda é explicable a realidade galega de hoxe en día en “clave” Guerra Civil?

—Eu diría que o noso presente é “neto” daquel vello



Luís Rei Núñez, estes días en Pontevedra.

FOTO: GUSTAVO SANTOS

tempo. En cambio, de quen é “fillo” é de acontecementos coma os do marzo do 72, ou do “episodio Reboiras”, ou da loita contra a imposición da planta de gas no interior da ría de Ferrol. Nes tres momentos vense tres maneiras de concibir a intervención ou, se se quere, resistencia. A maneira dos que fían os avances á mobilización da masa operaria, a dos que nunha conxuntura determinada se encomendan ás audacias dunha vangarda armada e a dos que cren que os obxectivos xustos para unha maioría poden, e deben, aspirar a un seguimento transversal. No fondo, a novela pobóana personaxes emparentados por un ideal: a necesidade de mellorar o mundo. O que os diferencia é que uns medios axudan obxectivamente a iso e outros estórbano ou mesmo impídeno.

—Por outra banda, detense, e pódese dicir que *Matarán a Reboiras* culmina, cos movementos do *Nunca Máis* e do *Non á Guerra*. Vistos coa distancia, que significaron estes procesos para a sociedade galega, sobre todo o do *Nunca Máis*? Perdéronse ou aínda se conservan os seus efectos de dinamización entre nós?

—O naufragio do *Prestige*, un accidente convertido pola torpeza e as mentiras da

dereita á fronte dos gobernos central e galego nunha catástrofe, foi o fósforo que prendeu a mecha da aceleración do cambio nun corpo social listo para pegar un “estirón”. Pero os líderes aos que daquela lles correspondeu levar o temón da remuda, contaron co vento de popa, come-

teron erros clamorosos, enguedellándose en liortas estériles e impopulares, e iso favoreceu unha involución. E volveu suceder outro tanto co caudal de entusiasmo xerado a partir das revoltas do 15-M, tamén dilapidado por aqueles aos que lles correspondeu administralo. Unha pena!

—Vostede tamén exerceu o xornalismo. En quen se inspirou para crear a personaxe do reporteiro gráfico Nardo Negro?

—Basicamente, en compañeiros que nas redaccións dos medios de titularidade pública defenden o seu servizo ao país desde o pluralismo, algo que debería estar no ADN dunha sociedade san e moderna. O Nardo Negro da miña novela vese convertido, por crer niso e actuar en consecuencia, nunha vítima dunha canle, a TVG, que leva demasiados anos servindo só como altofalante gobernamental por obra e graza duns informativos tan manipulados que son un insulto á intelixencia.

—Claro que o personaxe de ficción quizais máis sorprendente é o de Marabillas Párraga, unha monxa galeguista e de esquerdas. Aquí pretendeu vostede “experimentar” coa “literatura fantástica”?

—Unha relixiosa así pode causar perplexidade, pero non debera. Primeiro, porque cada un de nós é produto de moitas cousas, mesmo contraditorias. Pero sobre todo porque esa parte da Igrexa que quere camiñar ao lado da xente existiu, e volve existir, felizmente. Fálase no libro do *Non á Guerra*, que era a de Iraq. E que hai máis conse-

cuenta que unha monxa contra a guerra? Ademais, Marabillas viña do mesmo bando de moitos cregos que tiveron un papel determinante no Ferrol insurxente de 1972, ao lado dos obreiros en folga e mesmo pagando ese compromiso con condenas de cárcere. E todo isto sucedeu moito antes da chegada de Francisco, o papa que toca a música que mellor lles soa aos oídos dos que cremos na xustiza e na igualdade.

—A que fontes recorreu para documentarse?

—Botei man do traballo dos, non poucos, especialistas na historia do movemento obreiro galego e dos testemuños cada vez máis numerosos do mundo nacionalista, acrecentado isto con documentación de época e consultas en hemerotecas. Con todo, o máis inspirador para min foron as conversas con moitos dos protagonistas daquel tempo. Algúns sácoos como saen nos seus DNI, con nome e apelidos reais, e outros con identidade suposta, nomeadamente cando tiven a sospeita de que o que me contaban, e que logo eu non deixei de trasladar ao libro, por resultar xenuinamente novelesco, era produto da invención.

—Recentemente, outros novelistas inspiráronse no Exército Guerrilleiro. Nalgún momento da escrita do libro tentouno tamén escribir sobre o terrorismo en Galicia?

—Non, iso sería outro “episodio”, ao meu ver de menor transcendencia. E debo dicir, aínda tendo en conta todo o que levamos falado ata aquí, que a miña gran pretensión era, sobre todo, contar a historia de dúas persoas moi singulares e ás que, por aquilo dos convencionalismos, debíamos supoñer afastadas. Son o cámara Nardo Negro e a relixiosa Marabillas Párraga e o verdadeiro núcleo da novela é o momento en que comprenden, e asumen, o moito que comparten. O momento, pura clarividencia, en que saben que cada un é para o outro un elemento enriquecedor da súa existencia. No fondo, podemos velos coma unha Sancha e mais un Sancho que, xuntos, fan un Quixote.

Luís Rei Núñez - ESCRITOR

“Esta novela vai de xente que quere mellorar o mundo”

En *Matarán a Reboiras* (Xerais), Luís Rei Núñez déixase guiar polos seus protagonistas e propónnos unha novela na que mandan as vidas e mais os tempos incertos.

LOURDES VARELA